

Ruta *Catamarán Castrelo*

Lonxitude: 14 kms.
Tempo estimado: 90 min.
Capacidade: 10 pasaxeiros

Coto Novelle
Constitúese como o punto máis alto do municipio (708 metros), sendo unha área recreativa de grande interese, accesible mediante unha ruta de sendeirismo.

Viñedos As Bouzas
Nova plantación na que 58 veciños se asociaron para converter as súas leiras nun gran viñado, cun total de 27 hectáreas.

MACENDO (STA. MARÍA)

Castro de Santa Lucía
Castro romanizado que conforma unha importante xoia arqueolóxica aínda por descubrir.

Pazo da Cavadiña
Construído a comezos do S. XIX, é un dos principais elementos patrimoniais civís de Castrelo de Miño.

ASTARIZ (STA. MARÍA)

Igrexa de Astariz
Igrexa barroca construída no S. XVIII. Destacan varias imaxes de santos que se atopan nos seus retablos.

VIDE DE MIÑO (SAN SALVADOR)

PRADO DE MIÑO (STA. MARÍA)

Postos de pescadores
Unha das zonas recreativas e de lecer incluídas no proxecto "Camiño de pescadores", no que se equiparon varios lugares para a práctica da pesca.

Liña ferroviaria
Inaugurada no 1881, une as cidades de Ourense e Vigo, sendo un importante elemento na historia da comarca.

PONTE CASTRELO (STO. ESTEVO)

Igrexa de Santo Estevo
Unha das máis características do concello. É de orixe románica e foi construída no S. XVIII.

BARRAL (NOSA SENORA DAS NEVES)

Parque Náutico
Punto de partida da ruta fluvial no catamarán. Ademais, é o lugar no cal se poden realizar actividades náutico-deportivas, tales como remo, piragüismo, windsurf e vela, entre outras.

CASTRELO DE MIÑO (STA. MARÍA)

Igrexa de Santa María
Declarada Monumento Histórico-Artístico. Gran parte da igrexa é de estilo barroco. Conta cuns destacables frescos no seu interior.

Encoro
A construción do mesmo nos anos 60 provocou o asolagamento de moitas hectáreas de viñedos e, consecuentemente, a emigración de moitos dos veciños do Val de Castrelo de Miño.

Adega Vitivinícola do Ribeiro
A primeira cooperativa vitivinícola da comarca de O Ribeiro, fundada en 1968.

Igrexa de San Paio
A igrexa actual é de estilo barroco, aínda que foi construída moitos séculos antes e cedida ao Mosteiro de Oseira.

Castrelo de Miño sitúase en pleno corazón de O Ribeiro, constituíndose como un dos dez concellos que integran a tan coñecida Comarca, situada ao noroeste da Península Ibérica, na provincia de Ourense. Este municipio, que se atopa na marxe esquerda do río Miño, alberga "un mar de posibilidades" para visitantes e turistas, pois grazas á súa estratéxica

localización poden disfrutar da práctica de deportes náuticos ao longo de todo o ano nas propias augas do encoro, así como da realización de rutas de sendeirismo por montes e camiños adaptados para tal fin. Ademais, ao remate do día, poden degustar os famosos caldos do Ribeiro, coñecidos pola súa excelente calidade e coidadosa elaboración.



Corvo Mariño Real

Phalacrocorax Carbo · Cormorán Grande

Esta ave mariña rolda os 90 cm. de altura e os 150 cm. de envergadura. A súa plumaxe é de cor negra, cunha pequena mancha branca na gorxa cando está na época de cría. Para

alimentarse flota sobre a superficie da auga para somerxéndose rapidamente cando localiza a unha presa; os seus dedos palmeados fan que poida alcanzar

profundidades de ata 10 metros e permanece uns 30 segundos somerxido na auga. Poden chegar a comer o seu propio peso en peixes nun día. A pesar de ser unha ave acuática a

súa plumaxe non é impermeable polo que, despois de obter o alimento, debe pousarse fóra da auga estendendo as súas ás para que se sequen ao sol.



Aguia Peixeira

Pandion Haliaetus · Águila Pescadora

Esta ave rapaz de tamaño medio é a única especie do xénero *Pandion* e da familia *Pandionidae*, mide entre 50 e 60 centímetros de altura e alcanza ata os 170 cm. de envergadura. As partes superiores son de cor castaño escuro, mentres que a zona do peito é de cor branca con algunhas manchas.

A cabeza tamén é de cor branca, con un anteface marrón que vai desde o pico ata as plumas do corpo e que deixan na parte superior da cabeza unha crista que se encrespa con frecuencia.

A súa morfoloxía e especialmente as súas patas, están adaptadas para suxeitar os peixes. As garras son longas e curvadas, ten un dedo reversible que lle permite atrapalos con dous dedos por diante e dous por detrás e ademais ten unhas escamas na cara interna dos dedos que evitan que se escorran.

O sistema de agarre é tan efectivo que lle impide soltar a captura, incluso co risco de afogar se escolle unha que lle impida levantar o voo.

En España trátase dunha especie en perigo, que soamente fai niños nas Canarias, Baleares e Chafarinas, sendo visible no encoro de Castrelo de Miño na época de migración, mentres que en Portugal é unha ave que se considera extinta dende o ano 1997.



Garza Real

Ardea Cinerea

A Garza real é unha ave pernilonga próxima ao metro de altura e aos dous metros de envergadura. Na súa plumaxe predominan cores grises e destaca na súa cabeza unha delgada crista de cor negro.

A súa alimentación é omnívora, polo que come desde insectos ata anfibios, pasando por peixes, pequenos mamíferos e paxaros, plantas, vermes, etc. Ten un voo característico coas súas patas completamente estendidas

cara atrás e o pescozo flexionado en forma de S.

A súa voz é áspera e desagradable con berros bastante molestos para o oído humano.

Lavanco Real

Anas Platyrhynchos · Anade Real

Tamén coñecido como Lavanco Azulón, a coloración desta ave é diferente segundo o sexo. Mentres que as femias son dunha cor parda uniforme, o macho é moi colorido, co

pico amarelo, a cabeza de cor verde, un collar branco, o peito pardo, o corpo gris e a popa negra. Aliméntanse principalmente de vexetais, aínda que tamén poden comer pequenos

insectos ou peixes. Mide arredor dos 60 cm. e a súa envergadura está próxima os 90 cm. Son excelentes nadadores e voadores.



PLANO DE SITUACIÓN



Pillara Areeira

Charadrius Dubius · Chorlitejo Chico

A Pillara areeira é un pequeno paxaro de apenas 15 cm. de altura e 45 cm. de envergadura. A plumaxe da parte superior é de cor parda e o peito branco; ademais ten un collar e un anteface de cor negra e arredor

dos ollos un anel de cor amarelo que é o seu elemento máis característico. Aniña en terreos de area ou grava facendo o macho buratos co peito para que a femia escolla o máis adecuado para poñer os seus ovos. Para

protexer o niño fronte aos depredadores, o macho simula que está ferido, coxeando, estirando unha á, tirándose ao chan,... toda unha representación para afastar ao depredador do niño, que rematará coa Pillara fuxindo.



TELÉFONOS DE INTERESE

Información e reservas
647 212 228

Casa do Concello
988 493 000

HORARIOS E PREZO

Sábados, domingos e festivos:
11.00/13.00/16.00/18.00 e 20.00

Mércores, xoves e venres:
16.00 e 18.00

Luns e martes:
DESCANSO

Prezo: 5 euros/persoa



CONCELLO DE
CASTRELO DE MIÑO

www.castrelo.org · concello@castrelo.org